



## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 10 DE AGOSTO DE 2018

### LICENZAS

#### FAVORABLES.-

**LIC/907/2008.- INMOBILIARIA PAXONAL, S.L.-** Conceder licenza para construción dun edificio de 13 vivendas, 5 oficinas e locais na rúa Sempre en Galiza, 7.

**LIC/665/2018.- UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA VICERREITORIA DE ECONOMIA E INFRAESTRUTURAS.-** Conceder licenza para executar as obras de reforzo estrutural do aulario da Facultade de Farmacia.

**LIC/1541/2017.- MERCEDES PEDREIRA ARES.-** Conceder licenza para executar as obras de rehabilitación dun edificio para uso de vivenda situado na Praza de San Roque nº 1.

**LIC/44/2018.- BEATRIZ BELLAS LÓPEZ.-** Conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar illada no lugar Moas de Arriba.

**1.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á solicitude de licenza para construción dun edificio de 13 vivendas, 5 oficinas e locais na rúa Sempre en Galiza, 7. LIC/907/2008.** Apróbase a proposta.

**2.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á solicitude de licenza para executar as obras de reforzo estrutural do aulario da Facultade de Farmacia. LIC/665/2018.** Apróbase a proposta.

**3.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á solicitude de licenza para executar as obras de rehabilitación dun edificio para uso de vivenda situado na Praza de San Roque nº 1. LIC/1541/2017.** Apróbase a proposta.

**4.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á solicitude de licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar illada no lugar Moas de Arriba. LIC/44/2018.** Apróbase a proposta.

**5.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á autorización de cesión de praza de aparcamento.** Apróbase a proposta.

**6.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á autorización de cambio de titularidade do aluguer do local sociocultural e asociativo do Barrio de San Pedro.** Apróbase a proposta.

**7.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do expediente das "Obras contempladas no proxecto de renovación de viais e beirarrúas na rúa Batalla de Clavijo e anexas. Fase I. Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible, 2014-2020"; aprobación do gasto e apertura do procedemento de adxudicación.** Acórdase iniciar a licitación do proxecto de renovación de viais e beirarrúas na rúa Batalla de Clavijo e anexas (Fase I), ao abeiro do programa ReVive Edusi Santiago por importe de 526.889,28 euros, IVE incluído, e un prazo de execución de 6 meses.

**8.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do expediente das "Obras de reforma do parque infantil da Praza da Constitución (Pistas de skate)"; aprobación do gasto e apertura do procedemento de adxudicación.** Apróbase o inicio da licitación das obras de reforma do parque infantil da Praza da Constitución, que inclúen a mellora da accesibilidade, a substitución da pista actual de skate, a reparación do mobiliario urbano en mal estado e o deseño dunha pista de skate integrada no conxunto. A actuación ten un orzamento de 348.899,01 euros, IVE incluído e un prazo de execución de 4 meses.

**9.- Recoñecemento extraxudicial e créditos.** Apróbase a proposta.

**10.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural dando conta de notificación de resolución da Deputación da Coruña, pola que se aproba o aboamento do anticipo de subvención.** Dáse conta.

**11.- Proposta de aprobación de convenio nominativo coa Asociación Cidade Vella 2018.** Acórdase aprobar o texto do convenio e a concesión dunha subvención a dita entidade por importe de 20.000 euros.

**12.- Proposta de aprobación de convenio nominativo con Música en Compostela.** Acórdase aprobar o texto do convenio e a concesión dunha subvención por importe de 5.000 euros.

**13.- Proposta de aprobación de texto de convenio nominativo "Vacacións en Paz".** Acórdase aprobar o texto do convenio e a concesión dunha subvención de 8.000 euros a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí para desenvolver o programa "Vacacións en paz".

**14.- Devolución de fianza traballos de modificación do catastro ano 2007.** Autorízase a devolución dunha fianza por importe de 7.920 euros constituída pola empresa Eibisa Norte.

**15.- Devolución de fianza traballos de modificación do catastro ano 2008.** Autorízase a devolución dunha fianza por importe de 1.584 euros constituída pola empresa Eibisa Norte.

**16.- Devolución de fianza traballos de modificación do catastro ano 2009.** Autorízase a devolución dunha fianza por importe de 9.698,28 euros constituída pola empresa Eibisa Norte.

**17.- Aprobación das bases da convocatoria de concesión de dez cheques de consultoría para a adecuación de locais comerciais.** Apróbanse as bases da convocatoria para a anualidade 2018. Os cheques de consultoría consisten na posta a disposición dos comercios beneficiarios de servizos profesionais cuxo obxectivo é realizar unha avaliación interna do mesmo sobre as necesidades detectadas.

**18.- Liquidación definitiva do convenio coa Fundación Granell- anualidade 2017.** Apróbase a proposta.

**19.- Convenio para o ano 2018 coa Fundación Eugenio Granell.** Acórdase aprobar o texto do convenio coa Fundación Eugenio Granell e a transferencia de capital por importe de 130.000 euros.

## **URXENCIAS**

**1.- Servizo para a execución de diversas operacións de conservación, mantemento e reparación de pavimentos nos viarios do termo municipal excluído o ámbito intramuros da cidade histórica de Santiago de Compostela (2018-2020). Lote 1: Viarios con pavimentos asfálticos. Lote 2: Viarios con pavimentos non asfálticos. Lote 3: Viarios sen pavimentos de rodaxe.** Apróbase o inicio de licitación do contrato de conservación, mantemento e reparación de pavimentos nos viarios de Santiago de Compostela por importe de 4.749.999 euros, excluído IVE.

**2.- Servizo de xestión e desenvolvemento das escolas de verán 2018. Programa municipal de conciliación do departamento de Educación e Cidadanía.** Apróbase modificar o contrato

Departamento de Prensa. Tfno: 981 54 31 09. Fax: 981 58 96 88. E-mail:  
prensa@santiagodecompostela.org

coa empresa ACTIVIDADES LÚDICAS DE GALICIA SL para a prestación so servizo de xestión e desenvolvemento do programa municipal de conciliación “Escolas municipais de verán 2018”, o que suporá a realización do mesmo os días 10 e 11 de setembro.

**3.- Obras de restauración e mellora do itinerario fluvial “De ponte a ponte polo río Sarela”.** Acórdase ampliar o prazo para a execución das obras de restauración e mellora do itinerario fluvial, polo que a nova data de finalización dos traballos será o 17 de agosto.